

Saber popular

Da nosa cultura inmaterial

MARUXA GESTOSO ÁLVAREZ

En tempos de globalización, uniformización das modas e culturas resulta ben agradable topármonos cun libro coma *Ao pé da Laxa da Moa*, de Antón Cortizas: un canto á particularidade dun pobo, unha porta aberta á expresión oral que é reflexo do saber colectivo dun pequeno grupo, e que nesta expresión manifesta todo o seu saber sobre o mundo, todo o seu crer sobre a realidade concreta na que vive. A obra, que leva como subtítulo *Literatura de tradición oral de Carnota*, preséntanos unha colectánea de cantareas, tríades, regueifas, adiviñas, trabalinguas, cancións, ditos... recollidos nas terras carnotás aló polos comezos da década dos 80 e que agora Cortizas presenta de xeito estructurado. A idea, que nacera como exercicio de aula co obxectivo de potenciar no alumnado adolescente o amor pola nosa lingua e cultura e a valorización do saber popular propio, toma agora corpo como unha aposta pola transmisión da nosa cultura inmaterial, co obxectivo de mantela viva co fin de non deixar que caia non esquecemento.

Ao longo das páxinas do libro imos descubrindo a gran riqueza do saber popular, que se expresa concentrado nestes pequenos versos e rimas ou, dun xeito

máis expandido, nos contos: opinións sobre amores e desamores, festas do ano, lugares e tópicos, o divino e o mundano, o mundo do campo e das vilas, e un longo etcétera, moitas delas cheas dunha fina ironía ou dun dicir retórico. Nada menos que un total de 1059 cantareas; 278 tríades; 41 regueifas; 270 adiviñas coas súas solucións; 19 trabalinguas; 41 lengalengas infantís; 31 cancións; 45 composicións; 320 ditos e refráns; unha boa mostra de costumes sobre o San Xoan, os endemoñados, as herdanzas, etc; e 54 contos entre os que se recollen temáticas diversas como contos fantásticos, de parvos, de tolos, de mulleres e homes, de curas e santos, de animais..., constitúen unha obra na que a voz popular aparece recollida tal e como os informantes a pasaron, coas variacións propias de calquera transmisión oral. É por iso que se presentan ademáis das mencionadas, todas aquelas versións das primeiras, que con pequenas variacións contribúen ainda máis a dar conta do rico patrimonio oral.

Ao pé da Laxa da Moa ten a virtude de aportar un gran de area á conservación do noso patrimonio inmaterial. E é que só tendo claro o que fomos podemos plantexarnos o que queremos ser.

CORTIZAS, Antón, *Ao pé da Laxa da Moa*, Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP 20 €

